Xestión das titorías na plataforma institucional de horarios e espazos da UDC

Na plataforma de xestión de espazos e horarios (espazos.udc.es) cada docente pode introducir os seus horarios de titorías de forma individualizada para cada cuadrimestre e para o período da segunda oportunidade, no caso de que sexan distintas ás do segundo cuadrimestre. Se un docente desenvolve a súa actividade en máis dun centro poderá establecer titorías diferenciadas para cada centro nos distintos períodos lectivos.

O funcionamento da plataforma axústase á normativa das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO que no seu artigo 4.1 indica:

> *Os horarios de titoría e de atención ao estudantado, para cada profesor/a, serán publicados na páxina web polos centros na primeira semana de cada cuadrimestre, sen prexuízo de posibles acordos entre o profesor e o estudante interesado para realizalas noutro momento. As modificacións dos horarios de titorías deberán ser autorizadas polo decanato ou pola dirección do centro e deberanlles ser comunicadas aos estudantes con suficiente antelación á realización destas mudanzas.*

Incorporación do horario de titorías

Cada docente introduce o seu horario de titorías en espazos.udc.es desde a sección "**as miñas titorías**". Este horario mantense de forma permanente curso a curso de maneira que só necesita modificarse cando o docente introduce cambios nel. A modificación pode realizase en calquera momento, excepto durante o período lectivo de cada cuadrimestre, en que se atopa bloqueado para ese cuadrimestre. Para cumprir o devandito art. 4.1, o bloqueo realízase sete días despois do inicio do período lectivo de cada cuadrimestre. É dicir, se un cuadrimestre comeza un luns, as titorías poderán ser modificadas ata as 24 horas do seguinte domingo, e se comeza un martes bloquearase ás 24 horas do luns seguinte. Con este control garántese que o centro publica as titorías na primeira semana do cuadrimestre, tal e como marca a normativa. Unha vez bloqueada a modificación de horarios, os cambios deben ser solicitados e autorizados polos decanatos e direccións dos centros. Co fin de evitar posteriores modificacións sería importante que os centros lembrasen ao seu profesorado a data en que finaliza o prazo de modificación e/ou a incorporación de titorías en cada cuadrimestre.

Aqueles docentes que impartan docencia, e por tanto titorías, en máis dun centro poden indicalo seleccionando o centro correspondente e a localización física en cada centro. Na seguinte figura vese un exemplo dun docente que imparte aulas e realiza as titorías na Facultade de Informática e a Facultade de CC. da Comunicación.

Segundo cuadrimestre	Luns	12:00	13:00	Facultade de Informática	Despacho 209	Editar Eliminar
Segundo cuadrimestre	Martes	12:00	13:00	Facultade de Ciencias da Comunicación	Despacho A245	Editar Eliminar

Cando un docente imparte materias nun centro, pero as titorías realízaas fisicamente noutro centro/edificio, deberá seleccionar o centro de impartición das materias en "centro" e indicar o centro/edificio onde as realiza fisicamente en "localización". Na seguinte figura indícase como se cubrirían as titorías dun docente que imparte docencia en dous centros (Facultade de Informática e Facultade de CC da Comunicación), mais as titorías realízaas fisicamente noutro edificio, neste caso, no edificio da Área Científica.

Segundo cuadrimestre	Luns	12:00	13:00	Facultade de Informática	Despacho 209-Area Científica	Editar Eliminar
Segundo cuadrimestre	Martes	12:00	13:00	Facultade de Ciencias da Comunicación	Despacho 209-Area Científica	Editar Eliminar

Consulta dos horarios de titorías

O alumnado e o PDI poden consultar as titorías de cada docente en espazos.udc.es utilizando o buscador ao que se accede a través de "procura**/titorías**":



Cuadrimestre	Día da semana	Hora de comezo	Hora de fin	Centro	Localización
Primeiro cuadrimestre	Martes	15:00	17:00	Facultade de Ciencias	Despacho
Primeiro cuadrimestre	Mércores	15:00	17:00	Facultade de Ciencias	Despacho
Primeiro cuadrimestre	Xoves	12:00	14:00	Facultade de Ciencias	Despacho
Segundo cuadrimestre	Luns	12:00	13:00	Facultade de Informática	Despacho 209
Segundo cuadrimestre	Martes	12:00	13:00	Facultade de Ciencias da Comunicación	Despacho A245

Nesta pantalla figuran todos os horarios de titorías do docente, así como todos os centros onde imparte docencia. Ademais, inclúese un acceso á ficha de contacto do directorio da UDC.

Na páxina web institucional dos centros habilitouse un acceso, "Titorías", que permite acceder á listaxe dos docentes que imparten aulas nese centro. O acceso é en tempo real de forma que cando se modifica en espazos.udc.es inmediatamente móstrase na web do centro. Unha vez seleccionado o docente, preséntase o horario de titorías. No caso de persoal docentes que imparte en máis dun centro, só figura o horario de titorías para ese centro académico.

Seguimento dos horarios de titorías polo centro

Os centros deben garantir que o estudantado poida acceder ás titorías, para o cal deben realizar un seguimento dos horarios correspondentes. Para facilitar este labor habilitouse unha sección en espazos.udc.es, "centro**/titorías**", a través da que se accede á listaxe dos docentes co seu horarios agrupados por cuadrimestre, como se pode ver na seguinte figura. Por esta vía os centros poden realizar de forma sinxela un seguimento da distribución de titorías dos seus docentes e adoptar as medidas oportunas. Igual que sucede na web institucional, na listaxe só figuran as titorías dese centro.

Titorías no centro

Primeiro cuadrimestre Segundo cuadrimestre Segunda oportunidade

Primeiro cuadrimestre

Profesor	Horario		Localización
	Día	Hora	
[redacted]	Martes	15:00 - 17:00	Despacho
	Mércores	15:00 - 17:00	Despacho
	Xoves	12:00 - 14:00	Despacho
[redacted]	Luns	12:00 - 13:30	Despacho [redacted]
	Mércores	12:00 - 13:30	Despacho [redacted]
	Venres	10:00 - 11:30	Despacho [redacted]
[redacted]	Luns	12:00 - 14:00	Despacho [redacted]
	Martes	12:00 - 14:00	Despacho [redacted]
	Xoves	12:00 - 14:00	Despacho [redacted]

O bloqueo da plataforma impide que os docentes poidan modificar o horario sen autorización do decanato ou dirección, tal e como figura nas normas de avaliación da UDC. As modificacións do horario durante o período lectivo deberán, por tanto, ser autorizadas polo centro.

Modificación de titorías despois da primeira semana do cuadrimestre

As modificacións das titorías, unha vez publicadas na primeira semana do cuadrimestre, deben ser autorizadas, tal e como figura na normativa da UDC, polos decanatos e direccións dos centros. Co fin de facilitar a xestión, o centro realizará a modificación directamente na plataforma de modo que xa se publican os cambios na web institucional; ademais, comunicaranse aos estudantes polos medios de información que utilice o centro.

Para que o centro poida modificar as titorías do profesorado na plataforma de xestión directamente, creouse unha nova utilidade no portal espazos.udc.es denominada "**xestión de titorías**", baixo a sección "**as miñas opcións**". Dispoñen de permisos de usuarios a esta utilidade a/o secretaria/o académica/o do centro e a/o PTXAS da secretaria do decanato ou dirección do centro.

Os usuarios autorizados accederán a través de "**Xestión de titorías**":



Seleccionando a ligazón aparece o buscador:



Nesa pantalla procúrase o docente do que se quere modificar ou incluír un horario de titoría utilizando o nome de usurario ou de inicio de sesión *(login)* do mesmo. O nome de usuario é o que se utiliza para acceder á intranet de servizos da UDC, é dicir, o correo electrónico do docente sen a arroba nin o dominio (é dicir, sen *@udc.es)*.

Por exemplo, se o correo electrónico do profesor é jose.perez.garcia@udc.es, o login que utilizaremos é jose.perez.garcia

Unha vez introducido, prémese no botón "Buscar" e na seguinte pantalla aparecen tódalas titorías cubertas polo profesor, se incorporara algunha. Os horarios de titorías poden ser editados, modificados, eliminados, e tamén é posible incluír novas titorías.

Unha vez cubertas gárdanse e xa se incorporan á sección Titorías da páxina web institucional.

Xestión de titorías

[redacted]

Cuadrimestre	Primeiro cuadrimestre
Centro	Seleccione centro
Día da semana	Luns
Hora de comezo	
Hora de fin	
Localización	

Gardar

Cuadrimestre	Día da semana	Hora de comezo	Hora de fin	Centro	Localización	
Primeiro cuadrimestre	Martes	15:00	17:00	[redacted]	Despacho	Editar Eliminar
Primeiro cuadrimestre	Mércores	15:00	17:00	[redacted]	Despacho	Editar Eliminar
Primeiro cuadrimestre	Xoves	12:00	14:00	[redacted]	Despacho	Editar Eliminar